



**A.V. DO SAVIÑO**

Asociación Veciñal do Saviño . R/ Pardo Bazán nº 1 baixo . 27540 Escairón . O Saviño . Lugo  
[asociacionvecinaldosavinao@gmail.com](mailto:asociacionvecinaldosavinao@gmail.com) web : [aavvdosavinhao.org/nova](http://aavvdosavinhao.org/nova)

A Asociación Veciñal do Saviño, inscrita co nº 13651 no rexistro provincial de asociacións, e con NIF G 27401157, a través da súa Presidenta Celia Ferreiro Riazor con DNI 33.812.714 T, diríxese ao Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil coa intención de interesarse polo presente e o futuro do río Pesqueiras no Concello do Saviño.

Como será ben coñecido no seo da CHMS, o río Pesqueiras sufríu durante un periodo duns dous anos o vertido continuado de residuos contaminantes por parte da empresa láctea CELEGA, o que levou a executar sancións por parte da propia CHMS. A xudicialización da contaminación e a repercusión nos parlamentos europeo, galego e no Congreso dos Deputados, trouxo en consecuencia a construción por parte da empresa dunha nova planta depuradora adaptada ó volume dos resíduos.

Trascorrido mais de medio ano dende a instalación da nova depuradora, consideramos que é tempo de valorar a efectividade da mesma así como de comezar a visualizar as primeiras sinais de recuperación das condicións bióticas que garantan a existencia de vida vexetal e animal do cauce fluvial.

Con esta motivación a asociación veciñal, en calidade de trasmisora das queixas veciñais e como parte denunciante, diríxese á Presidencia da CHMS coa intención de preguntar pola actualidade e polas perspectivas futuras que afectan ó río Pesqueiras.

Solicítase información referente a :

- 1- O seguemento que actualmente está facendo a CHMS do vertido depurado ó cauce do río.
- 2- Resultados das últimas análises realizadas da calidade da auga río por baixo da planta da empresa CELEGA.

- 3- Que clase de medidas reparadoras ten previsto adoptar a CHMS no sentido da recuperación e rexeneración do río, despois da Proposición Non de Lei na que se instaba ó Ministerio de Medio Ambiente-CHMA a aprobar un *Plan de Regeneración y Limpieza del río*. ( adxúntase BOE nº 268 do 15 de decembro do 2017, pax. 22 e 23 ).

Na procura de alcanzar o obxectivo do saneamento integral que devolva a vida a este río e na espera dunha pronta resposta, despídese de Vde. a Presidenta da asociación.

En Escairón, a 8 de febreiro do 2019.



A/A do Ilmo. Sr. Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Don Xose Antonio Quiroga Díaz.